

DOMINGO 17 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA 1 Re 3, 5. 7-12

Pediches sabedoría para ti

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NO LIBRO PRIMEIRO DOS REIS

En Gabaón aparecéuselle Deus, no soño da noite, a Salomón e díxolle:

- "Pídeme o que queiras".

E dixo Salomón:

- "Señor, meu Deus, que fixeches que o teu servo reinase despois de meu pai David, sendo eu un rapaz pequeno, que non sabe nin conducirse. O teu servo atópase no medio deste pobo escollido por ti, un pobo grande e numeroso, que non se pode contar nin estimar. Concédelle, pois, ao teu servo un corazón escoitador, que saiba gobernar ben o teu pobo e distinguir o ben e o mal. Quen, se non, podería gobernar este pobo tan grande?".

O Señor pareceulle ben que Salomón pedise aquilo. E díxolle:

- "Xa que pediches isto e non pediches para ti mesmo vida longa, nin riquezas, nin a vida dos teus inimigos, senón que pediches acerto para ben gobernar, vouche conceder o que pediches: unha mente sabia e intelixente, coma non a houbo antes de ti nin a haberá tampouco despois.

SALMO RESPONSORIAL Sal 118, 57 e 72. 76-77. 127-128. 129-130

R/ (97a): ¡Canto amo, Señor, a túa Lei!

A miña sorte é o Señor:
eu proponho observar a túa palabra.
A túa vontade é para min mellor
ca milleiros de ouro e prata.

Que o teu amor me console,
conforme llo prometiches ao teu servo.
Que a túa piedade veña a min e vivirei;
a túa lei é a miña alegría.

Eu amo os teus mandamentos,
por riba do ouro máis puro.
Guíome polas túas normas
e aborrezco o camiño da mentira.

A túa revelación é admirable,
por iso eu a observo.
A ensinanza da túa palabra reloce,
fai sabios aos ignorantes.

SEGUNDA Rm 8, 28-30

Predestinounos a reproducirmos a imaxe do seu Fillo

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

Sabemos que todo colabora para o ben dos que aman a Deus, dos que foron escolleitos segundo os seus designios. Pois El distinguiunos primeiro e predestinounos a reproducirmos a imaxe do seu Fillo, de tal maneira que el sexa o primoxénito entre moitos irmáns. E a eses que predestinou, tamén os chamou; e a eses que chamou, tamén os xustificou; e a eses que xustificou, tamén lles deu a súa gloria.

ALELUIA Cf Mt 11, 25:

Bendito es ti, Pai, Señor do ceo e mais da terra,
porque lle revelaches ós pequenos os misterios do Reino

DOMINGO 17 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 13, 44-52 (longa)

Vendeu todo canto tiña e comprou o agro aquel

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Dilles Xesús ás multitudes:

O Reino dos Ceos é semellante a un tesouro agachado nunha leira: o home que o atopou vólveo a agachar; e, cheo de alegría, vai vender canto ten para mercar aquela leira.

Tamén se parece o Reino dos Ceos a un tratante de perlas finas: en atopando unha de grande valor, foi vender canto tiña e mercouna.

Do mesmo xeito é semellante o Reino dos Ceos a un aparello de rede largado no mar, que recolleu peixes de todas as castes. Unha vez cheo, tiran por el para a ribeira e, sentados, escollen os bos nun queipo e os malos tiran con eles. Así será na fin do mundo: sairán os anxos e arredarán os malos dos xustos para botalos no forno do lume; alí será o pranto e o renxer dos dentes.

- Entendedes todo isto?

Eles responderon:

- Entendemos.

El concluíu:

- Por iso todo letrado que se fai discípulo do Reino dos Ceos parécese ao dono dunha casa que saca das súas arcas o novo e mailo vello.

DOMINGO 17 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 13, 44-46 (breve)

Vendeu todo canto tiña e comprou o agro aquel

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Dilles Xesús ás multitudes:

O Reino dos Ceos é semellante a un tesouro agachado nunha leira: o home que o atopou vólveo a agachar; e, cheo de alegría, vai vender canto ten para mercar aquela leira.

Tamén se parece o Reino dos Ceos a un tratante de perlas finas: en atopando unha de grande valor, foi vender canto tiña e mercouna.